



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26/09/2012

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas e trinta minutos do día vinteseis de setembro de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. Anselmo Ramos Martínez
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Monserrat Vázquez Miñones
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Pablo López Vázquez
D. José Manuel Perez Trillo

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García

Interventora: D.^a Gema Leal Insua

Declarada aberta a sesión pola presidencia, e xustificado o carácter extraordinario da sesión plenaria por parte do Alcalde, de seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación dos proxectos de obras e solicitude de inclusión deste concello no Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos.

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, reunida o 22 de setembro de 2012:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor (BNG), tres en contra (PSOE, IxV e PP), e ningunha abstención, ditamina desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Participar no "Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e suministros:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Achega provincial
Melloras no contorno da casa de cultura de Baiñas	32.426,39	0	32.426,39
Actuacións no patrimonio municipal en Tines e Vimianzo	37.437,4	0	37.437,4
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Salto	35.320,37	0	35.320,37



Concello de Vimianzo

C
O
P
I

Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Serramo	32.950,49	0	32.950,49
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Cereixo, Vimianzo, Cambeda, Salto, Tines e Castrelo	37.858,01	0	37.858,01
Reparación e acondicionamento de edificios municipais na parroquia de Baiñas	47.932	0	47.932
Desdoblamento de sendas peatonais a ambos lados de vial público no tramo Treos-Tines	102.915	0	102.915
TOTAL	326.839,66	0	326.839,66

A Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

SEGUNDO.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

TERCEIRO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

CUARTO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde explica que a competencia de propoñer as obras para que as aprobe o pleno é do alcalde. Móstrase orgulloso de destinar máis de trescentos mil euros nestas obras, que melloran os servizos para a cidadanía. Considera un motivo de orgullo adicar tódolos cartos a obras, algo que poucos concellos poden facer. Está tamén orgulloso por recoller as suxerencias de obras da oposición e dar cumprimento ao acordo plenario do 28 de xullo. Tamén considera motivo de orgullo que as propostas da oposición non foran excludentes do grupo de goberno, como plantexaron os portavoces da oposición. Xustifica a necesidade de realizar o tramo Treos-Tines como paso previo á asunción da vía por outra administración. Detalla cada unha das actuacións contempladas nos sete proxectos, que, según manifesta, van repercutir na economía vimiancesa, porque as empresas de Vimianzo van ser invitadas ás licitacións e eses cartos van quedar no pobo. Considera difícil ter un argumento para dicir que non a estas obras. Pensa que a oposición vai ter un comportamento responsable, como tivo moitos veces, e vai defender aos veciños, aínda que preferiran outra proposta, como é normal. Se actúan con responsabilidade tamén se van sentar as bases para facer unha proposta para o POS 2013.

O portavoz socialista non discute que as obras son necesarias, gustaríalle apoiar estas obras e seguramente as apoiarán, pero quedan catro días para chegar a un acordo. Lembra que o ditame da comisión foi negativo. Propón que se deixe enriba da mesa, que mañá se reúna a comisión de obras e se chegue a un acordo nun pleno no que non cobren os concelleiros.

O portavoz de IxV di que as obras todas son necesarias, e afirma que estamos nun momento de desencontros. Explica como foi este proceso: a deputación aprobou este plan, e ao día seguinte a oposición fixo unha proposta conxunta. Di que todas as obras son asumibles, agás o tramo Treos-Tines. Pero o problema ven dos antecedentes: o POS 2012. Lembra que o PSOE e o PP pediron un pleno extraordinario para tratar as obras do DTC 94, e unha comisión de obras, pero a esa data non había nada feito. Recoñece que o luns fixolle unha proposta ao alcalde, que non



Concello de Vimianzo

C

O

P

I

A

obtivo apoios en IxV, e o martes propúxolle outra: aceptar o Plan DTC tal como o propón o alcalde e asumir unhas obras no POS 2013, pero o alcalde quedou lle chamarlle e aínda non o fixo. Di que IxV están dacordo con todo o plan, agás co tramo Treos-Tines, porque consideran que non é unha obra de calidade e que antes dun ano vai marchar a auga cos cartos. Sinala que pola información que manexan o concello non conta coa disposición de tódolos terreos. E afirma que se produce un agravio comparativo entre a xente que cedeu a día de hoxe. Di que hai catro concellos, e habería que poñerse dacordo para poñer todos os mesmos cartos e despois que a colla outra administración. Di que nese proxecto non se contempla repoñer os peches aos veciños. Considera incluso que a obra pode non encaixar nas actuacións subvencionables. Están dacordo en que eses cartos se invirtan noutras obras nestas parroquias. Propoñen que se destinen á recuperación integral da escola de Tines, da escola de Treos, e o interior do firme das vías neses lugares, e que se recupere unha masa común en Sandrexo. Mostra a súa disposición a negociar cando faga falta porque están dispostos a sacar esto para diante. Se non sae adiante, é un fracaso colectivo. Se non prospera a petición do Sr. Miñones de deixar sobre a mesa, presenta unha moción para a súa votación.

O Sr. Alcalde dille que sabe perfectamente que neste punto non se admiten emendas e dalle a palabra ao portavoz do PP.

O Sr. López Vázquez sinala que as obras son necesarias, agás o tramo Treos-Tines. Coincide con IxV en que non é unha obra de calidade, e incluso pode provocar accidentes. Propón realizar outras obras nesas parroquias e pide que o punto quede sobre a mesa para tratar de chegar a un acordo nestes catro días.

O portavoz nacionalista alégrase que agora se veñan preocupar de Treos e Tines, parroquias esquecidas nos últimos vinte anos. Fai referencia a unhas declaracións da oposición na prensa, propoñendo invertir en Cereixo e Serramo. Na primeira invertíronse 350.000 euros nos últimos cinco anos e na segunda gastáronse 60.000 euros nunha fonte. Extránalle que o portavoz de IxV critique uns proxectos que non viu, aínda que tamén dixo que o acordo do modificado da Piroga era nulo de pleno dereito, e agora viuse que non é certo, a obra reiniciouse e a deputación dou o seu visto e praxe. De ser certo que a obra é unha chapuza, entón ten que alegrarse porque os veciños van poñer a parir ao goberno.

Sinala o Sr. Mancebo que grazas á boa xestión económica deste goberno pode adicarse íntegramente o Plan DTC a obras, algo que, agás Laracha, poucos concellos poden facer. Considera que iso debería ser motivo de felicitación por parte da oposición. Afirmo que a día de hoxe o concello paga rápido aos seus provedores, tal e como prometeron hai un ano cando aprobaron os orzamentos en solitarios, vinculándoo a unha cuestión de confianza. Di que este plan ou se aproba hoxe ou se perde. Entende que non é motivo para votar en contra non estar a favor dunha obra de sete. Non lle consta que ningún veciño estea en contra desa vía. Afirmo que este tramo é o que ten máis vivendas a beira da estrada. Nega motivos electoralistas nesta obra e afirma que a pista que vai a súa casa está sen arranxar e a parroquia de Treos foi a última en limpar.

Continúa o voceiro nacionalista facendo referencia aos pasos dados pola Plataforma de defensa desta vía. Poden pedir unha reunión cos outros tres concellos para despois esixirle á Xunta que a asuma, pero non pedir que eses concellos invirtan en Vimianzo. Di que non fai moito o presidente da Deputación dixo que xa estaba axudando, precisamente con estes fondos, que debería estar vendendo o partido que goberna na Deputación. Afirmo que este plan creouse para axudar aos concellos en apuros a financiar gasto corrente, algo que non necesita Vimianzo.

O Sr. Alcalde ofrece un segundo turno de intervencións breve.

O Sr. Miñones reitera o seu ofrecemento a negociar nestes catro días que quedan. Considera posible un acordo entre as catro persoas que forman a Comisión de Obras.

O Sr. Soto Pérez contesta ao Sr. Mancebo que lle pregunte ao alcalde se estivo vendo os proxectos ou non. Pide que a Secretaria se pronuncie sobre a posibilidade de presentar unha emenda parcial a este punto. Está dacordo co Sr. Miñones e están dispostos a facer calquera tipo de esforzo, pero tamén queren ser escoitados. Dille a xente que os intentos de negociación foron

Ú

B

L

I

C

A



Concello de Vimianzo

C

moitos e están dispostos a seguir facendo esforzos. Repite a última proposta feita ao alcalde.

O

O voceiro do PP pide que isto se resolva canto antes, chegando a un consenso, a poder ser antes do día 30.

P

O Sr. Alcalde dalle a palabra á Secretaria para que conteste ao plantexado polo Sr. Soto.

I

O Sr. Alcalde repite que a competencia para realizar a proposta correspóndelle ao Alcalde e aí está o informe de Secretaría, reiterado. O alcalde considera que se chegou a un punto no que hai que resolver este tema. Entende que non pode acusarse ao goberno de falta de diálogo porque faláron con tódolos grupos. Recoñece que é certo que o Sr. Soto lle fixo dúas propostas. Aclara

A

que a primeira delas pasaba por sacar obras de Baíñas: dille que non a acepta. E a segunda pasaba por aceptar integramente este plan e incluír determinadas obras no POS 2013 (senda en Castrelo e Tufións e arranxo da escola de Tines): dille que aceptan esa proposta, e por tanto entende que IxV vai votar a favor deste punto.

O Sr. Soto Pérez di que a súa palabra non caduca, dille que conte co apoio de IxV, pero pídelo que integre a tódolos grupos e haberá posibilidade de acordo. Pide que esas obras para os POS 2013 se definan, e no pleno do sábado votan a favor.

P

O Sr. Alcalde di que o Sr. Soto emprazouno, e el acepta a proposta, polo tanto agarda que IxV vote a favor, e o resto dos grupos se incorpore. Comprométese a incorporar no diálogo para o POS 2013 ao resto dos grupos. Pregúntalle se apoia ou non.

Ú

O voceiro de IxV pide que o alcalde non o acose. Quere coñecer cal é a palabra do alcalde. Pon como exemplo a obra de Tines, que só leva 8.000 euros neste plan, e eso non é cumprir a palabra. Pide que se deixe sobre a mesa e dille que conte co seu voto para o sábado.

B

O Sr. Alcalde di que non, e define o seu compromiso para a obra de Tines, a fin de conseguir o voto a favor dos independentes: soleira, rehabilitación do edificio. Pide unha resposta positiva por parte de IxV.

L

O Sr. Soto Pérez considera que a obra de Tines está definida, pero quere saber como van ser as sendas en Castrelo e Tufións.

I

O Sr. Alcalde di que a obra tense que facer con sentido común, e de feito o punto vai no pleno. Esixe o apoio do Sr. Soto.

C

O Sr. Alcalde di que o sábado remata o prazo e considera que o voceiro de IxV debe ser valente, non someterse a intereses espúreos e ter un pouco de dignidade. Se non o fai así, entón o problema desta Corporación é moi grave. Di que a xente vai saír deste pleno sabendo que se aproba este Plan DTC e que se van facer as sendas de Castrelo, Tufións e a escola de Tines.

A

Conmina ao Sr Soto a votar a favor, unha vez máis, considerando que el xa cumpriu a súa palabra.

O voceiro de IxV alega que el fíxolle unha proposta o martes e aínda está esperando a chamada do alcalde. Quere saber a onde chega a súa palabra.

O Sr. Alcalde invítalo a acompañalo a falar co técnico que vai redactar os proxectos para dicirlle como ten que ser esta obra.



Concello de Vimianzo

O Sr. Soto propón, ademais, establecer un sistema de reparto para o resto das obras do POS.

O Sr. Alcalde comprométese, se IxV vota a favor, a convocar a comisión de obras para a semana, para consensuar as obras do POS con todos os grupos. Vai máis aló: afirma que o grupo de goberno incluso renunciaría a facer outras propostas, porque estas tres obras asúmeas como súas.

O Sr. Soto Pérez asegura que o Plan DTC vai saír adiante o sábado, non se van perder os cartos, pero quere sumar a toda a xente ao consenso.

O Sr. Alcalde di que o Sr. Soto foi o único que lle fixo unha proposta, os outros dixeron que quedara sobre a mesa, o alcalde aceptouna e agora espera un voto favorable dos independentes para que saia adiante o acordo.

O Sr. Soto Pérez alega que agora estalle facendo outra: vai saír adiante, pero pide sentarse todos a falar.

O Sr. Alcalde di que o tema non da máis de sí, e vaino someter a votación. Pide aos concelleiros que pensen nos veciños. Explica que os termos da votación son os seguintes: votos a favor, en contra e abstencións respecto da proposta da Alcaldía.

Comezada a votación, escóitase ao Sr. Rodríguez Blanco preguntar se non se vai votar a proposta de que quede sobre a mesa.

Resultado: catro votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 8 abstencións do PSOE, IxV e PP (abstéñense de votar).

O Sr. Alcalde somete novamente a votación, por se existise algunha dúbida por parte dos concelleiros á hora de emitir o seu voto. Repítese o resultado anterior.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por catro votos a favor (BNG), ningún voto en contra e oito abstencións do PSOE, IxV e PP, acorda:

PRIMEIRO.- Participar no "Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e sumministracións:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Achega provincial
Melloras no contorno da casa de cultura de Baiñas	32.426,39	0	32.426,39
Actuacións no patrimonio municipal en Tines e Vimianzo	37.437,4	0	37.437,4
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Salto	35.320,37	0	35.320,37
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Serramo	32.950,49	0	32.950,49
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Cereixo, Vimianzo, Cambeda, Salto, Tines e Castrelo	37.858,01	0	37.858,01
Reparación e acondicionamento de edificios municipais na parroquia de Baiñas	47.932	0	47.932



Concello de Vimianzo

Desdoblamento de sendas peonais a ambos lados de vial público no tramo Tréos-Tines	102.915	0	102.915
TOTAL	326.839,66	0	326.839,66

P Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

SEGUNDO.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

TERCEIRO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

CUARTO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

P O Sr. Alcalde pregunta á Secretaria se o resultado da votación, que acaba de proclamar, é correcto.

A Secretaria explica que cando un concelleiro se abstén de votar compútase coma unha abstención, por tanto o resultado proclamado polo Alcalde é correcto.

Ú **2. Proposta de convenio de colaboración coa Deputación da Coruña para a mellora da seguridade vial nos lugares de Tufións (DP 1603) e Roalo (DP 9203).**

B De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, reunida o 22 de setembro de 2012:

L "(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por unanimidade dos seus membros presentes, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

I O Pleno do Concello de Vimianzo insta á Deputación da Coruña a subscribir un convenio de colaboración para a mellora da seguridade viaria nas estradas provinciais DP1603 e DP9203, mediante a construción dunhas beirarrúas ou sendas peonís, ao seu paso polos núcleos de Tufións (parroquia de Cereixo) e de Roalo (parroquia de Castrelo)."

C Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde explica que este é o primeiro paso para facer esas sendas, para que autoricen, e se axudan economicamente mellor, aínda que o seu compromiso é incluílo no POS 2013.

A O Sr. Miñones Riveiro di que van votar a favor.

O Sr. Soto Pérez di que non cabe outro voto que non sexa a favor.

O Sr. López Vázquez mostra tamén o seu apoio.



Concello de Vimianzo

O Sr. Alcalde entende entón o punto aprobado por unanimidade.

Os concelleiros asenten.

3. Aprobación, se procede, da modificación de crédito número TC/09/2012.

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaría da conta do ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, reunida do 22 de setembro de 2012:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, por dous votos a favor (BNG), ningún voto en contra e tres abstencións (PSOE, IxV e PP), ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro. - Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC/09/2012, co seguinte detalle:

I. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se minora:

APLICACIÓN ORZAMENTARI A	CONCEPTO	CONSIGNACIÓ N ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓ N	CONSIGNACIÓ N RESULTANTE
011 310	Débeda Pública. Xuros	135.000,00	-44.000,00	91.000,00
TOTAL			-44.000,00	

II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa:


APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONCEPTO	CONSIGNACIÓ N RESULTANTE
324 489	Servizos complementarios da educación. Transferencias correntes	3.000,00	17.000,00
334 226	Promoción da Cultura. Gastos diversos	15.000,00	21.000,00
341 226	Promoción do Deporte. Gastos diversos	10.000,00	24.000,00
920 150	Administración xeral. Productividade	15.000,00	25.000,00
TOTAL		44.000,00	

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. alcalde explica que estes cartos están disponibles porque o xuíz aceptou o fraccionamento do pago dos intereses da sentenza da Casa de Cultura, da que xa se pagou o principal. Queren adicar parte a bolsas para o ensino porque últimamente ven moita xente pedir axudas para estas cousas. Outra parte van para as escolas deportivas e culturais, que van empezar a funcionar agora en outubro. É unha parte pequeniña vai para contrarrestar a perda de capacidade adquisitiva dos funcionarios, atendendo a criterios obxectivos. Recoñece que hai que superar obstáculos das propias normas do concello, en concreto os límites impostos na



Concello de Vimianzo

O ordenanza de subvencións. Van facer unha proposta para modificala, pero considera que estes problemas non deben ser un obstáculo para iso.

O voceiro socialista mostra o seu total acordo, coa condición de que se modifique a ordenanza.

O Sr. Alcalde está dacordo, e pregunta se se pode facer esa adenda.

A Secretaria asente.

O Sr. Alcalde di que entón se engade: iniciar xa a modificación da ordenanza de subvencións.

O voceiro de IxV alude ao informe da Interventora pero non queren ser un estorbo para que esto saia adiante.

O voceiro do PP parécelle ben que se adiquen cartos a esas finalidades, pero en base a unha parte do informe de Intervención e alegando determinados gastos innecesarios do goberno (servizos xurídicos e asesores, sinala) di que non van participar na votación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por sete votos a favor (BNG e PSOE), ningún voto en contra e cinco abstencións (IxV e PP), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC/09/2012, co seguinte detalle:

I. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se minora:

APLICACIÓN ORZAMENTARI A	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
011 310	Débeda Pública. Xuros	135.000,00	-44.000,00	91.000,00
TOTAL			-44.000,00	

II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONCEPTO	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
324 489	Servizos complementarios da educación. Transferencias correntes	3.000,00	17.000,00
334 226	Promoción da Cultura. Gastos diversos	15.000,00	21.000,00
341 226	Promoción do Deporte. Gastos diversos	10.000,00	24.000,00
920 150	Administración xeral. Productividade	15.000,00	25.000,00
TOTAL			44.000,00

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.



Concello de Vimianzo

Quintó.- Iniciar os trámites para a modificación da ordenanza de subvencións.

4. Acordo, que proceda, a partires dunha moción do grupo municipal IxV, sobre bonificación do ICIO para os agricultores e gandeiros.

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, reunida do 22 de setembro de 2012:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, por dous votos a favor (BNG), ningún voto en contra e tres abstencións (PSOE, IxV e PP), ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Que polos servizos municipais do Concello se inicie o proceso de modificación das Ordenanzas Fiscais que procedan, para introducir a bonificación máxima que prevé a Lei de facendas locais para o ICIO que grava as obras de carácter agrícola e gandeiro."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di que alguén pode pensar que é un ditador, pero non lle importa, ten a conciencia tranquila porque apoia as boas propostas con independencia de onde veña. Considera que a proposta de IxV é boa, e por iso a apoia.

O voceiro socialista di que van apoiar e, entre risas, presenta unha emenda: que suba o prezo do leite e baixe o pienso.

O voceiro de IxV, seguindo coa broma, di que se tivera o botón diante xa lle daban. Explica que esta proposta ven para apoiar a un sector castigado, para que aqueles que queiran ampliar as explotacións (cita ao concelleiro Anselmo) poidan beneficiarse.

O voceiro popular di que van votar a favor, porque lle parece de dereito darlles as bonificacións máximas.

O voceiro do BNG di que están conformes coa proposta de IxV, e queren que se axilicen os trámites para modificar a ordenanza.

O Sr. Alcalde di que entón considera a proposta aprobada por unanimidade.

5. Designación dos festivos locais correspondentes ao ano 2013.

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, reunida o 22 de setembro de 2012:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por unanimidade dos seus membros presentes, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2013 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- luns, 12 de agosto (Festas do verán).
- martes, 7 de febreiro (Antroido).

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Non se producen intervencións.



Concello de Vimianzo

C

O alcalde pregunta se se entende aprobada a proposta por asentimento.

O

Todos asenten.

P

6. Acordo, que proceda, a partires da moción remitida polo concello de Corcubiión sobre a oficina liquidadora do Rexistro da Propiedade de Corcubiión.

I

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, reunida o 22 de setembro de 2012:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por tres votos a favor (BNG e PSOE), ningún voto en contra e dúas abstencións (IxV e PP), ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

A

PRIMEIRO.- Adherirse ó acordo adoptado polo Pleno do Concello de Corcubiión, no seguinte senso:

A) Instar á Xunta de Galicia ó mantemento da oficina liquidadora de Corcubiión e que se renoven os convenios asinados ate agora, coas mesmas condicións ou mellorándoas.

P

B) Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, a Consellería de Facenda e os grupos políticos do Parlamento Galego."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros.

Ú

O Sr. Miñones Riveiro está dacordo coa proposta e van apoiala.

O Sr. Soto Pérez non lle ve posibilidade de aforro á centralización e por tanto van apoiar a moción.

B

O Sr. López Vázquez di que é un problema entre a oficina liquidadora e a administración e comenta que se está falando da posibilidade de facer esas xestións dende os concellos. Di que se van abster.

L

O Sr. Mancebo Amigo di que existe a idea de que vir ao medio rural é vir comer unha lubina a Fisterra, e esa mesma filosofía está detrás da proposta de pechar as oficinas liquidadores e centralizalas nas cidades. Di que o pretexto de aforro económico non está xustificado. Considera que é función dos políticos mobilizarse para que esto non sexa así, en defensa dos veciños de Vimianzo e da comarca.

I

O alcalde somete o asunto a votación. O Sr. Pérez Trillo vota a favor. Acto seguido, o Sr. López Vázquez pide que se repita a votación, ao que accede o Sr. Alcalde.

C

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por dez votos a favor (BNG, PSOE e IxV), ningún voto en contra e dúas abstencións (PP), acorda:

A

PRIMEIRO.- Adherirse ó acordo adoptado polo Pleno do Concello de Corcubiión, no seguinte senso:

A) Instar á Xunta de Galicia ó mantemento da oficina liquidadora de Corcubiión e que se renoven os convenios asinados ate agora, coas mesmas condicións ou mellorándoas.



Concello de Vimianzo

B) Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, a Consellería de Facenda e os grupos políticos do Parlamento Galego.

7. Acordo, que proceda, a partires da moción presentada polo grupo municipal do BNG para a impugnación do RDLei 24/2012 que legaliza a fraude das participacións preferentes.

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, reunida o 22 de setembro de 2012:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por tres votos a favor (BNG e IxV) e dúas abstencións (PSOE e PP), ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a interpor recurso de inconstitucionalidade contra o Real Decreto-Lei 24/2012, do 31 de agosto.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galiza a personarse na demanda interposta pola Fiscalía Superior de Galiza, apoiando as súas pretensións.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno do Estado a que exclúa ás persoas aforradoras subscritoras de participacións preferentes ou débeda subordinada das quitas ou canxes obrigatorios previstos no RD-Lei 24/2012.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a adoptar as medidas precisas para garantir a devolución íntegra do investido ás persoas aforradoras en participacións preferentes e débeda subordinada en entidades financeiras.

QUINTO.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde cédelle a palabra ao teniente de alcalde para que explique o sentido da proposta.

O Sr. Mancebo Amigo explica que este RDLei ven a legalizar as actuacións fraudulentas que se produciron coas preferentes, instrumentando un sistema de arbitraje. Queren que o RDLei se retire e cada un asuma as súas responsabilidades.

O Sr. Miñones Riveiro mostra o seu apoio á moción.

O Sr. Soto Pérez di que non está a favor de socializar as perdas dos bancos. Di que, dado que se eliminou o dereito que teñen a presentar emendas, vai suscribir a moción como está, aínda que considera que debería establecerse un tope, porque hai que protexer á xente que invertiu pequenas cantidades que, igual non foi enganada, pero non tivo todos os elementos de xuízo.

O Sr. López Vázquez sabe que hai moitos afectados que foron enganados e outros que sabían o que compraban. Di que non é un tema político pero van votar a favor.

O Sr. Alcalde entende que entón se aproba por unanimidade.

8. Sorteo público para a designación dos membros das mesas electorais con motivo das eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012.



Concello de Vimianzo

C

O De conformidade co disposto no art. 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, procédese á celebración do sorteo público para a designación dos membros das 13 mesas electorais deste municipio, entre as persoas censadas menores de 70 anos.

P Antes de realizar o sorteo, e para evitar a celebración doutros sorteos para a substitución de membros excusados ante a Xunta Electoral de Zona, o Alcalde propón adoptar un criterio ter en conta na prelación de posibles substitucións nos membros de cada mesa electoral.: que sexa a persoa seguinte da titular designada excusada pola Xunta Electoral de Zona, que cumpra coas condicións establecidas para ser membro da mesa electoral. Di que xa se fixo desta maneira no anterior sorteo para as eleccións a Cortes Xerais.

A De orde da Alcaldía, polo funcionario Sr. Antelo Santos, procedeuse a realizar o correspondente sorteo, por procedementos informáticos e aleatoriamente saen designados os seguintes membros titulares e suplentes:

Distrito: 1 Sección: 001 Mesa: A
CASA DE CULTURA sita en RUA BRAÑA A S/N - VIMIANZO

ANA MARIA ANSEDE TRABA	Presidente
PATRICIA GARCIA GARCIA	1º Vocal
MARIA TERESA LOPEZ RODRIGUEZ	2º Vocal
MANUEL GOMEZ GONZALEZ	1º Suplente de Presidente
MARIA JOSE ALVITE PEREIRA	2º Suplente de Presidente
MARIA IGLESIAS ALLO	1º Suplente de 1º Vocal
RODRIGO BARRIENTOS BEIZANA	2º Suplente de 1º Vocal
NOELIA COTELO MARQUEZ	1º Suplente de 2º Vocal
HUGO JOSE GRILHO FRAGA	2º Suplente de 2º Vocal

Distrito: 1 Sección: 001 Mesa: B
CASA DE CULTURA sita en RUA BRAÑA A S/N - VIMIANZO

ENCARNACION TORRADO VALIÑA	Presidente
PERFECTO OREIRO ANGUES	1º Vocal
CONSUELO LUCIA MARTINEZ VARELA	2º Vocal
JUAN CARLOS PLATAS CALVO	1º Suplente de Presidente
OSWALDO MANUEL REY AMEIJERAS	2º Suplente de Presidente
RITA TOURIÑAN SOUTO	1º Suplente de 1º Vocal
JOSE ANTONIO VAZQUEZ GARCIA	2º Suplente de 1º Vocal
JAVIER ROMERO LEMA	1º Suplente de 2º Vocal
FELIPE VIDAL VIDAL	2º Suplente de 2º Vocal

Distrito: 1 Sección: 002 Mesa: A
ANTIGA ESCOLA DE CAMBEDA sita en OGAS S/N

MARIA JESUS INSUA BELLO	Presidente
MANUELA INSUA LEIS	1º Vocal
ALFREDO LEMA CAAMAÑO	2º Vocal
MARIA JOSE LEMA CAAMAÑO	1º Suplente de Presidente
EDUARDO SALGADO CANOSA	2º Suplente de Presidente
PALMIRA FIDALGO RODRIGUEZ	1º Suplente de 1º Vocal



Concello de Vimianzo

C

PALOMA GANDARA LEMA
ELENA ALVAREZ GARCIA
JOSE SENDON VILLAR

2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

O

Distrito: 1 Sección: 002 Mesa: B
ANTIGA ESCOLA DE CASTRELO sita en CERBAN S/N

P

VANESA MOUZO VILLAR
M.CARMEN SUAREZ LAGE
OTILIA BUJEIRO CARNES
FIDEL COO ALVAREZ
ESTEBAN VALIÑA PEÑA
CELESTINO MACEIRAS HERMIDA
JOSE ANTONIO BARRIENTOS ROMERO
ANA VIEITES LEMA
CARMEN LIÑARES DIAZ

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente
1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

I

A

Distrito: 1 Sección: 003 Mesa: A
ANTIGA ESCOLA DE SERRAMO sita en SUBEIRO S/N

~~SILVIA COSTA RAMOS~~
~~JAVIER CAMAFREITA AMIGO~~
~~JOSE ARAN ARIAS~~
~~JOSE ANDRES OROÑA DOMINGUEZ~~
JAVIER SALGADO MARTINEZ
YESICA HERMIDA CANOSA
IVAN CAAMAÑO CARREIRA
LORENA GONZALEZ FREIRE
JOSEFINA CANCELA BLANCO

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente
1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

Ú

B

Distrito: 1 Sección: 003 Mesa: B
CENTRO SOCIO CULTURAL DE BAIÑAS sita en RUA BAIÑAS C S/N - BAIÑAS

L

JESSICA PEREZ FIDALGO
ANA MARIA ANTELO QUINTANS
JOAQUIN DOMINGUEZ REY
TAMARA RODRIGUEZ DOS SANTOS
MILAGROS ARIAS RAMOS
MARIA VANESA ALVITE REY
CARMEN ARIAS TRIGO
GERMAN TRILLO RODRIGUEZ
LUCINDA RODRIGUEZ TOME

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente
1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

I

C

Distrito: 2 Sección: 001 Mesa: A
ANTIGA ESCOLA DE BAMIRO sita en CEAN (O) S/N

A

MARIA CARMEN MIRA TURNES
PAULA MOUZO SUAREZ
MARIA DEL ROSARIO MOREIRA VILLARRUEL
MARIA ELISA MARTINEZ CANOSA
FABIAN SANTOS POSE

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente



Concello de Vimianzo

C

JOSE MARIA REY LEMA
MARTIN LLAMAS VAZQUEZ
ANA MARIA MOUZO DIAZ
LEONARDO SENANDE GARCIA

1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

O

P

Distrito: 2 Sección: 001 Mesa: B
COLEXIO EDUC. INFANTIL E PRIMARIA DE CASTROMIL sito en CASTROMIL S/N

I

SALETA AMEIXEIRAS RODRIGUEZ
IVAN BRAS MIRA
MARIA CARMEN CEDRON PAILOS
JAVIER CUMPLIDO SUAREZ

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente

A

TAMARA QUINTANA LEMA
JESUS MARTINEZ BARREIRO
DELFINA POSE LEMA
OVIDIO VAZQUEZ PEREZ
MARIA DEL CARMEN RAMA RAMA

1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

Distrito: 2 Sección: 001 Mesa: C
COLEXIO DE EDUC. INFANTIL E PRIMARIA DE TREOS sito en QUINTANS S/N

P

JOSE MANUEL VECINO LADO
ROSALIA SANMARTIN PEREZ
MARIA ISABEL PEREZ PAIS

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente

Ú

MARIA CRISTINA LANDEIRA PAZOS
MARIA MACARENA LAGO RUIZ
MARIA ESTHER CALZAS PEREIRO

1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

B

SARA FERNANDEZ RIAL
PATRICIA BLANCO MARTINEZ
MANUEL REGUEIRA MOUZO

Distrito: 3 Sección: 001 Mesa: A
CENTRO CULTURAL DE CARNES sito en CARNES NUM: 43

L

JOSE MARCOS BUGALLO CASTRO
JOSEFA SANTOS DIAZ

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente

I

ROSA TOURIÑAN ROMERO
RICARDO MARTINEZ LEIS
MARIA TRINIDAD BUGEIRO CARNES
ANDRES RODRIGUEZ TOURIÑAN

1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

C

ADOLFO MARTINEZ ROMERO
CARMEN ROGET PAZOS
M.BARCA FIGUEROA BAROSO

A

Distrito: 3 Sección: 001 Mesa: B
ESCOLA DE EDUCACION INFANTIL DE CEREIXO sita en VILAR S/N

MONICA TOURIÑAN PEREZ
GRACIANA TRILLO VIDAL
HECTOR MARTINEZ MARCOTE
NILDA SOUTO TOURIÑAN

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente



Concello de Vimianzo

C

MAXIMINO CASTIÑEIRA LEMUS
JOSE ANTONIO MOUZO PEREIRA
MARIA ALICIA TOJA ESPASANDIN
JESSICA MARIA PEREZ VAZQUEZ
ROSA MARIA MOUZO ROMERO

2º Suplente de Presidente
1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

O

P

Distrito: 3 Sección: 003 Mesa: A
ANTIGA ESCOLA DE CALO sita en PASARELA S/N

I

OSCAR CARNES VIDAL
JAVIER BERMUDEZ MANCEBO
EVA MARIA RAMOS LADO
CANDIDO DOMINGUEZ ORDOÑEZ
BELEN ORDOÑEZ FARIÑA
JUAN CARLOS ANDREA FUENTE DE LA
TAMARA POSE VARELA
CARMEN MENDEZ AMADO
MARIA BELEN MENDEZ ALVARELLOS

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente
1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal

A

P

Distrito: 3 Sección: 003 Mesa: B
ESCOLA DE EDUCACION INFANTIL DE CARANTOÑA sita en CARANTOÑA S/N

P

AITOR GARCIA MOURIÑO
RAMON PASANTES ESPASANDIN
MARIA CARMEN SANCHEZ PEREIRO
ALBERTO MENDEZ SILVA
MARIA CARMEN MENDEZ IGLESIAS
MODESTO PEREIRA MENDEZ
MARIA MENDEZ MARTINEZ
MARIA JESUS PAIS OANES
PATRICIA PRECEDO CASTRO

Presidente
1º Vocal
2º Vocal
1º Suplente de Presidente
2º Suplente de Presidente
1º Suplente de 1º Vocal
2º Suplente de 1º Vocal
1º Suplente de 2º Vocal
2º Suplente de 2º Vocal


Ú

B


L

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinteseis de setembro de dous mil doce.

O ALCALDE



A SECRETARIA,



C
O
P
I
A

P
Ú
B
L
I
C
A